

## **Lei 7/1994, do 29 de decembro, pola que se crea o Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia**

### Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 58, do 21.4.1994.

Emendas, BOPG núm. 77, do 4.6.1994.

Debate de totalidade, DSPG núm. 24, do 14.6.1994.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 143, do 25.10.1994.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 160, do 16.11.1994.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 160, do 16.11.1994.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 40, do 22.11.1994.

### Publicación:

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 167, do 28.11.1994.

*Diario Oficial de Galicia* núm. 4, do 5.1.1995.

*Boletín Oficial del Estado* núm. 26, do 31.1.1995.

## **Lei 7/1994, do 29 de decembro, pola que se crea o Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia**

Pola Lei 7/2002 foi modificada a denominación.

pola Lei 9/2003 de medidas tributarias e administrativas foi derogado o artigo 9 e modificado o artigo 3.

O artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúelle en exclusividade a esta Comunidade Autónoma, dentro dos límites constitucionais previstos, as materias de agricultura e gandería. Igualmente, o artigo 39 do mesmo texto estatutario reconece a potestade de autoorganización da Administración pública galega.

A recente reforma da política agrícola común e a transformación das axudas á produción cara a unha nova orientación tendente a mellora-las rendas dos agricultores, así como as consecuencias derivadas do Acordo xeral de aranceis e comercio, evidencian a necesidade de que a Administración autonómica lle dea resposta urxente ó cada vez máis complexo contorno do que formamos parte.

O volume e a complexidade da normativa comunitaria, así como a dificultade da súa xestión, supoñen un serio obstáculo para que as axudas provenientes da Unión Europea cheguen a tódolos nosos agricultores e gandeiros, e en toda a súa extensión, coa debida celeridade. Así mesmo, a Sentencia do Tribunal Constitucional número 79/1992, do 28 de maio,

recoñece a tese longamente defendida polo Executivo autonómico sobre a competencia das comunidades autónomas para xestionaren os medios financeiros procedentes do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA).

Doutra banda, é necesaria a adaptación do sector lácteo e gandeiro á nova realidade dimanada da política comunitaria e dos acordos do GATT, mellorando a súa competitividade e desenvolvendo os instrumentos precisos para dotalo da tecnoloxía adecuada, así como posibilita-la súa reestruturación e desenvolvemento.

Por todo isto, considérase necesaria a creación do Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia (ILGGA), como organismo autónomo de carácter administrativo que leve a cabo a misión de executar en Galicia as actuacións derivadas da aplicación da reforma da política agrícola común (PAC), tanto no correspondente á reforma das organizacións comúns de mercados (OCMS), previstas nos regulamentos (CEE) do Consello do 30 de xuño de 1992 e seguintes, para o leite, carne de vacún, ovino e caprino e cultivos herbáceos,

coma no tocante ás medidas de acompañamento e á creación de futuras OCMS. Doutra banda, é preciso dinamiza-lo sector lácteo e gandeiro galego, prestándolle a este un apoio real, eficaz e suficiente, no contexto sectorial e normativo comunitario, incidindo nas áreas que definen o propio sector (producción, industrias e distribución), ó mesmo tempo que permita ofrecer un órgano de consulta, información e asistencia, obxectivo e rigoroso, que oriente os profundos cambios que vai vivi-lo sector lácteo e gandeiro nos vindeiros anos.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei pola que se crea o Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia.

## Título I

### Natureza, fins e funcións

#### Artigo 1

1. No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e ó amparo do seu Estatuto de autonomía, créase o Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia (ILGGA), como organismo autónomo de carácter comercial e financeiro, con personalidade xurídica e patrimonio de seu.

2. O ILGGA adscíbese á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia.

#### Artigo 2

1. Constitúe o fin do ILGGA executa-la política da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia no referente á aplicación das medidas de ordenación, fomento, reestruturación e mellora do sector lácteo e gandeiro.

2. Para a consecución do citado fin levará a cabo as seguintes funcións:

a) Informar, asesorar, coordinar e xestionar-las operacións relacionadas coa aplicación das cantidades de referencia individual para a produción láctea e as relativas ás primas e axudas contempladas na reforma da PAC e medidas de acompañamento.

b) Incrementa-la capacidade de información, tecnificación, formación e xestión dos axentes operativos no sector lácteo e gandeiro.

c) Impulsa-la transformación das explotacións gandeiras, potenciando o cooperativismo no sector.

d) Apoia-la modernización e mellora das industrias de alimentación do gando, lácteas e cárnicas radicadas en Galicia, promovendo a implantación de novas iniciativas empresariais.

e) Coordinar e apoia-la promoción comercial dos produtos lácteos e gandeiros galegos.

f) Captar sistemas de apoio e financiamento que teñan como obxectivo a mellora do sector lácteo e gandeiro.

g) Promover, crear e participar, se é o caso, na constitución de sociedades de servicios e comerciais nas que os seus fins atendan a mellora da competitividade do sector lácteo e gandeiro galego.

h) Establecer convenios con entidades de dereito público ou privado para o mellor exercicio das súas funcións, no marco do establecido na presente lei.

i) Todas aquelas accións que contribúan á mellora do sistema productivo agrario e ó seu desenvolvemento equilibrado e integrado no territorio ou que lle sexan encomendadas ou sexan da súa competencia no ámbito da presente lei.

## Título II

### Organización

#### Artigo 3

Os órganos de dirección do ILGGA serán o Consello de Dirección, o presidente e o director. Ademais, o ILGGA contará cun Comité Asesor.

#### Artigo 4

1. O Consello de Dirección estará formado polo presidente do ILGGA, que o será tamén do Consello, un vicepresidente, o seu

director, cinco vocais e o secretario, que actuará con voz pero sen voto.

2. O vicepresidente será, por razón do seu cargo, o director xeral de Producción Agropecuaria e Industrias Agroalimentarias.

3. O nomeamento e a destitución do director correspóndenlle ó conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes.

4. O nomeamento e a destitución dos vocais correspóndenlle ó conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes.

#### Artigo 5

Correspóndenlle ó Consello de Dirección as máis amplas facultades de goberno e administración do ILGGA e, especialmente, o exercicio das seguintes funcións:

a) Establece-las liñas de actuación do ILGGA a través de plans e programas de actuación.

b) Elaborar e aproba-lo anteproxecto de presupostos do Instituto.

c) Aproba-la memoria de actividades do Instituto.

d) Decidir sobre tódalas cuestións relacionadas coa organización, o funcionamento e as operacións que ten que realiza-lo ILGGA.

e) Dicta-las normas de funcionamento do propio Consello.

#### Artigo 6

O Consello de Dirección reunírase, polo menos, catro veces ó

ano e sempre que o considere oportuno o presidente.

#### Artigo 7

1. O presidente do ILGGA será, por razón do seu cargo, o conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes.

2. O presidente representará o ILGGA en toda clase de actos e negocios xurídicos e exercerá no seu nome accións e recursos.

3. Correspóndelle ademais ó presidente:

a) Ordena-la convocatoria do Consello, fixa-la orde do día, presidir e dirixi-las sesións deste.

b) Velar polo cumprimento das directrices marcadas polo Consello de Dirección.

c) Propoñe-la adopción das disposicións regulamentarias necesarias para a organización e o funcionamento do ILGGA.

4. En ausencia do presidente ou por delegación deste, o vicepresidente asumirá as súas funcións.

#### Artigo 8

Correspóndelle ó director:

a) Cumpri-los acordos do Consello de Dirección.

b) Propoñe-las liñas estratéxicas de actuación do ILGGA, o programa anual de actividades e anteproxecto de presupostos.

c) Xestiona-lo ILGGA, elabora-la memoria anual e darlle conta

da súa xestión ó Consello de Dirección.

d) Exerce-la dirección administrativa e de persoal.

e) Coordinar e controla-lo funcionamento dos servicios e das dependencias.

f) Desenvolve-las funcións que lle sexan delegadas polo presidente ou polo Consello de Dirección.

#### Artigo 9

1. Créase o Comité Asesor do Instituto como órgano de consulta e asesoramento, que se reunirá como mínimo unha vez ó semestre e cando o considere oportuno o presidente do ILGGA.

2. O Comité Asesor estará composto por representantes da Administración da Comunidade Autónoma, das organizacións de produtores, industrias e comercializadores do sector lácteo e gandeiro, así como das universidades e centros de investigación e doutras institucións e por personalidades con relevancia no sector lácteo e gandeiro. O número de membros e o seu funcionamento determinaranse regulamentariamente.

3. Serán funcións do Comité Asesor as seguintes:

a) Asesora-lo Consello de Dirección sobre a planificación de actividades do ILGGA.

b) Informar e asesora-lo Consello de Dirección sobre todos cantos asuntos lle encomende.

## Artigo 10

Os órganos colexiados do ILGGA adoptarán os seus acordos, logo de deliberación, mediante maioría simple dos seus membros presentes, sempre que exista quórum. En caso de empate, o voto de calidade do presidente dirimirá este.

## Título III

### Recursos, réxime económico, persoal e control

## Artigo 11

Os recursos do ILGGA estarán formados por:

1) As consignacións presupostarias que lle sexan asignadas nos presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia.

2) Os ingresos que poida percibir pola prestación de servizos.

3) As subvencións ou achegas voluntarias de entidades e institucións públicas ou privadas, así como de particulares.

4) As rendas e os produtos que xeren os bens e valores que constitúen o patrimonio do ILGGA.

5) Os créditos, préstamos e demais operacións financeiras que concerte.

6) Calquera outro recurso que se lle poida atribuír.

## Artigo 12

O réxime presupostario, contable e financeiro do organismo e

das sociedades, entidades e outras formas asociativas que del dependen axustarase ó disposto na Lei de réxime financeiro e presupostario de Galicia e na demais normativa concorrente.

## Artigo 13

Regulamentariamente determinaranse a estrutura do Instituto e a súa dotación de persoal.

### Disposición adicional primeira

A Xunta de Galicia dotará o ILGGA dos recursos financeiros necesarios para a realización das súas funcións.

### Disposición adicional segunda

A Xunta de Galicia habilitará os medios materiais e humanos precisos para garantir a eficaz realización das funcións do Instituto.

### Disposición adicional terceira

A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes adaptará a súa estrutura orgánica á situación resultante da creación do Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia.

### Disposición transitoria única

En tanto non se proceda ó nomeamento de director, a dirección do Instituto será asumida polo director xeral de Produción Agropecuaria e Industrias Agroalimentarias.

Disposición derradeira primeira

Autorízase o Consello da Xunta a dictar cantas normas sexan precisas para efectua-lo desenvolvemento e a correcta aplicación desta lei.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 1994

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Disposición derradeira segunda

A presente lei entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.